

SOLICITUDES DE RESERVA

Crear a solicitude.

Accedemos a través do menú:

Solicitudes → Reserva de prazas → **CREAR SOLICITUDE**

IMPORTANTE:

A **navegación** nesta parte do proceso é **por pestanas**, de xeito que só premendo no botón **Gardar E Continuar** poderáse cubrir a información na seguinte pestana. Se nalgún momento introducimos datos e **non prememos no devandito botón** ou se nos movemos a outras pestanas da solicitude, **os datos non serán cargados**. Igualmente ocorre se non se pon algún dos datos obrigatorios (todos os marcados cun asterisco*) por cubrir.

admissionalumnado
Admisión en Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Usuario/a: Sen identificar Entrar

1 Inicio 2 Solicitudes 9 Letras desempate 11 Axuda

Reserva de praza, cambio dun centro a outro ao que estea adscrito Ano académico de traballo: 2017/2018

Dúas opcións:

- Recuperar unha solicitude
- Crear unha solicitude

Nesta pantalla poderá **cubrir unha solicitude de reserva**, de cara a solicitar praza no centro adscrito ao que desexa que a súa filla ou fillo acuda a curso vindeiro. Debe de ter presente:

- Para poder chegar a cubrir a solicitude completa navegará por pestanas: *Datos persoais, Solicita, Autorizacións, Confirmación Solicitude*.
- Garde o código da solicitude, para poder recuperala en calquer momento a través do menú **Solicitudes - Reserva - Recuperar unha solicitude**.
- Non é posible gardar os datos dunha pestana sen ter gardado os datos da pestana actual, premendo no botón **Gardar E Continuar**.
- Todos os datos marcados cun asterisco (*) son obrigatorios, para poder gravar a solicitude.
- Unha vez confirmada unha solicitude, non se poderán modificar os datos.
- Unha vez cuberta, lembre que debe dirixirse coa solicitude impresa ao centro no que seu fillo ou filla cursa estudos.

É **IMPORTANTE** que lembre:

- Prazo de presentación de solicitudes: do **1 ao 15 de febreiro**.
- En caso de que haxa máis solicitudes de reserva que prazas no centro solicitado, deberá **presentar unha solicitude de admisión** no centro no que pretende matricular á súa filla ou fillo, a partires do 1 de marzo.
- En caso de que haxa máis solicitudes de reserva que prazas, os dous centros afectados expoñerán a información nos seus taboleiros de anuncios.

Código da solicitude de reserva de praza da/o alumna/o solicitante

Código da solicitude: **5190008315** [prema aquí se desexa imprimir o código de solicitude](#)

Código indispensable para recuperar a solicitude. Pode imprimilo premendo na icona da impresora

Datos persoais Solicita Autorizacións Confirmación Solicitude

Pestanas de navegación. Datos obrigatorios marcados cun asterisco *

Na seguinte imaxe pódese apreciar o aspecto da aplicación ao premer no menú arriba indicado, **CREAR SOLICITUDE**:

Descrición das pestanas

Datos persoais.

- Teña en conta que os datos de enderezo a efecto de notificación non terán que ser cubertos en caso de que coincidan cós indicados para a alumna ou alumno para o que se solicita praza.
- En caso de non autorizar a comprobación da identidade, deberá acompañar a solicitude de copia do DNI.

- A información relativa ás comunicacións mediante notific@ só serán de aplicación para os trámites relacionados coas Xefaturas Territoriais.

Solicita.

Recóllense os datos de **comedor, transporte, curso e centro actual no que está matriculada a alumna ou o alumno, e centro adscrito e curso que solicita**. En caso de que non se poida cubrir algún dato relativo a ensinanza ou curso, póñase en contacto co centro educativo no que está matriculada a alumna ou o alumno.

Indicaremos:



- **Solicita comedor e/o transporte.** Marcaremos si en caso de precisar algún deles. Por defecto o valor é Non.
- **Expón.** Curso e centro actual no que se estuda.
- **Solicita.** Curso e centro adscrito para o que se desexa reservar unha praza.

Ademais pode ver unha breve información do centro para o que solicita a reserva de praza (titularidade, pública ou privada, así como un enlace á ficha do centro no [buscador de centros da Consellería](#)).

Autorizacións

Donde se recolle se concede permiso para comprobar telematicamente a identidade da persoa que presenta a solicitude. Lembre que en caso de **non autorizar** dita **consulta** deberá **presentar copia do documento de identidade**.

Confirmación Solicitud.

Nesta pestana vése o formulario de solicitude de reserva cuberto. Mentres non prememos no botón  o informe aparece coa marca de auga BORRADOR. No momento en que **confirma**, a **solicitud** considérase **finalizada** e polo tanto **non se permite a súa modificación**. A partires deste momento aparece o botón , que nos permite **crear un pdf para presentar no centro educativo** no que a alumna ou alumno **está matriculado**.

En caso de detectar un erro na solicitude unha vez confirmada, pode crear unha nova solicitude que subsane o erro detectado.

Este ano poderáse presentar en SEDE ELECTRÓNICA, para o que será preciso contar con Chave365 ou certificado dixital.

Recuperar unha solicitude.

Poderá recuperar a súa solicitude para modificación tantas veces como queira mentres non estea confirmada. Para iso debe de acceder a través do menú:

Solicitudes → *Reserva de prazas* → **RECUPERAR UNHA SOLICITUDE**

Introducindo **obrigatoriamente** o **código da solicitude** e o **DNI/NIE** dun dos proxenitores ou responsables do menor aparecerá a solicitude (letras maiúsculas). Se a solicitude está confirmada e presentada en centro educativo, recuperándoa poderá ver o seu estado de tramitación.